

BASES DO VII CONCURSO DE PINTURA AO AIRE LIBRE
“JUAN JOSÉ FERNÁNDEZ LEICEAGA” (Sesé), día 26 de abril 2014

O Concello de Noia (A Coruña) convoca o VII Concurso de Pintura ao aire libre “Juan José Fernández Leiceaga” (Sesé) con motivo da celebración da Feira de San Marcos 2014.

BASES:

1.- Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen.

2.- Dito certame terá lugar na Vila de Noia o sábado 26 de abril de 2014.

3.- INSCRIPCIÓN E SELADO: a inscrición e selado das teas e soportes elexidos polos artistas terá lugar o mesmo día 26 de abril a partir de 08:30 h. ata as 12:30 h. na Casa Consistorial do Concello, sita na Alameda.

4.- TEMÁTICA: o tema obrigado do concurso será o casco urbano e arredores da Vila de Noia e, necesariamente, as obras deberán ser pintadas en directo, “in situ”.

5.- TAMAÑO E TÉCNICA: o tamaño das obras será de 50 cm. como mínimo e un máximo de 120 cm. en calquera dos seus lados.

O soporte poderá ser branco o en cor base sen texturas e as obras poderanse realizar en calquera técnica: óleo, acrílico, acuarela, etc.

O artista virá provisto de todo o material necesario para a execución da súa obra incluído o cabaleta para expoñer a pintura realizada.

Admitirase unha soa obra por concursante e irá sen asinar.

6.- **RECEPCIÓN DAS OBRAS:** Entregaranse na Casa do Concello en horario de 12:30 a 14:30 h. e de 15.30 a 16:30 h. na que se dá por rematado o tempo de realización e presentación das obras.

7.- PREMIOS:

1º Premio..... 2.000 €

2º Premio..... 1.500 €

3º Premio..... 1.000 €

PREMIO NOVOS VALORES...1.000€ (patrocinado pola Fundación Otilia Millares).

PREMIO “GRAFINOIA” 600 € (patrocinado por Grafinoia)

PREMIO “PERICIALES Luis Fernández” 600 € (patrocinado por Luis M. Fernández Castro)

Accésit 250 €

Accésit 250 €

Accésit 250 €

. 1ª, 2ª e 3ª Mención especial para nenos menores de 10 anos.. ... *trofeo + diploma*

Os premios estarán suxeitos á lexislación fiscal aplicable, realizándose o seu pago mediante transferencia bancaria. Porén os gañadores deberán presentar no Concello de Noia certificación da conta bancaria na que desexen recibir o premio e unha copia do D.N.I. O pago realizarase nos cinco días hábiles seguintes á presentación da devandita certificación.

Os premios están consignados na partida 338.48000, atopándose retido o crédito necesario.

8.- O XURADO estará composto polas seguintes persoas:

Presidente: Alfonso Costa Beiro

Secretario/a: Traballador/a do Concello de Noia

Vogais: O concelleiro delegado de cultura e catro persoas de recoñecido prestixio dentro do mundo da arte.

A súa decisión será inapelable e basearase na análise de calidade e do valor artístico das obras presentadas a concurso, así como que as obras se adapten ao tema obrigado do concurso; o casco urbano e os arredores da Vila de Noia.

9.- **DECISIÓN DO CONCURSO:** os membros do xurado emitirán a decisión do concurso, que será inapelable, ás 18:00 horas no Salón de Plenos do Concello.

A continuación realizarase a entrega dos premios.

10.- As obras galardoadas co primeiro, segundo e terceiro premio quedarán en propiedade do Concello de Noia, así como, todos os dereitos de reprodución.

As obras premiadas deberán ser asinadas polos artistas.

A obra premiada pola Fundación *Otilia Millares Vázquez* pasará a ser propiedade da Fundación.

As obras premiadas polas empresas *Grafinoia* e *Periciales Luis Fernández* pasarán a ser propiedade das mesmas.

As obras gañadoras dos tres accésits serán devoltas aos seus autores.

A participación no Concurso implica a aceptación de todas as bases.

12.- **EXPOSICIÓN:** o conxunto de obras participantes permanecerán expostas no Claustro do Concello para ser contempladas polos visitantes e tamén para a súa posible venda dende as 18:00 ata as 21:00 h. do 26 de abril de 2014

Para a retirada da obra será necesario a presentación do DNI o documento que acredite a identidade do autor.

A organización velará polo coidado das obras, aínda que non se responsabiliza dos danos que puideran sufrir durante a exposición.

Noia, 19 de febreiro de 2014

O concelleiro de cultura

Javier Rodríguez Vieites